



BIO CONSTRUCCIÓN

DE SANTIAGO CORTEGOSO

DIRIXIDA E INTERPRETADA POR

MARIÁN BAÑOBRE E SANTIAGO CORTEGOSO

MÚSICA EN DIRECTO

MACARENA MONTESINOS



DESEÑO: DIEGO SEXO 2026

BIO CONSTRUCCIÓN



**Comedia con música en directo
sobre o teatro, o amor
e a estupidez humana**

- Duración: 80 minutos
- Público: Adulto (a partir de 12 anos)

BIO CONSTRUCCIÓN

En 'Bio Construcción' exploramos o absurdo a través dunha proposta cun forte contido plástico que mestura realidade e ensoñación, acción e poesía.

Entre o surrealismo e o absurdo, Bio Construcción é unha reflexión sobre o teatro, a crise climática e ecolóxica, a inxustiza do sistema inmobiliario, o amor, o fracaso e a estupidez humana.

Unha comedia existencialista sobre o compromiso, a perserverancia e a frustración, na que Marián Bañobre e Santiago Cortegoso empregan a metáfora para falar da imposibilidade de escapar deste sistema capitalista contemporáneo.



BIO CONSTRUCCIÓN

Unha parella deixa o teatro para marchar a un lugar remoto e emprender, con toda a ilusión, o seu proxecto máis ambicioso: construír unha casa coas súas propias mans. A súa gran creación.

E así pasan trinta anos, toda unha vida traballando, lonxe do mundo, cun compromiso inquebrantable.



BIO CONSTRUCCIÓN



En escena
Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Música en directo e deseño do espazo sonoro
Macarena Montesinos

Texto
Santiago Cortegoso

Dirección
Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Asistencia de dirección
Marcos PTT

Auxiliar de dirección
Gloria Punzano

Deseño e realización do espazo escénico
Jose Perozo

Deseño e realización de vestuario
Laura Vidales

Deseño de iluminación
Carlos Álvarez-Ossorio

Movemento escénico
Armando Martén

Caracterización
Baia Fernández

Imaxe
Diego Seixo

Técnica en xira
Héctor Pazos, Laura Triñanes

Comunicación
Fátima R. Varela

Distribución
Ibuprofeno Teatro S.L.

Agradecementos

A Javier Ovejero de Tortuga Boreal polo asesoramento en bioconstrucción, a Guillermo Otero Cousido, Susana Fernández Hermida e Rosa Moledo pola súa axuda, ao Programa Cruzamentos de Camiño Escena Norte, ás Residencias de Creación literaria Illa de San Simón e aos concellos de Ames e Catoira por acollernos en residencia.

IBUPROFENO TEATRO



Compañía fundada en 2010 por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, co obxectivo de contar cunha estrutura de creación propia para emprender proxectos teatrais dun xeito independente. Xeramos espectáculos a partir de textos escritos previamente (Raclette, Casa O'Rei, Smoke on the water, Reconversión, Bio Construción...) ou integrando a dramaturxia e a posta en escena nos procesos de creación (A filla de Woody Allen, Pequenos Actos Pseudorrevolucionarios, O Furancho, O mel non caduca, Deadpan Karaoke...)


Gústanos coidar a dimensión plástica dos traballos, experimentando en cada proposta, para falar de temas claves que afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a súa identidade individual nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar e que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.

Participamos en numerosas prazas e festivais de dentro e fóra de Galicia, sentíndonos moi ben acollidos e co recoñecemento de premios coma o María Casares en diversas categorías, finalistas nos Max a Mellor Dirección e Autoría ou o Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais, entre outros.



www.ibuprofenteatro.com
696 73 00 37
ibuprofenteatro@ibuprofenteatro.com

Compañía asociada a



Escena Galega

